

## OUTUBRO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Outubro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	9.674.718	2,3%	387.504	-9,6%
<b>NOITES</b>	31.139.207	0,8%	760.631	-6,1%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,22	-1,5%	1,96	3,9%
<b>% OCUPACIÓN</b>	60,10%	-0,51	40,31%	-0,40
<b>% OCUPACIÓN Fds</b>	68,38%	1,55	51,69%	2,29

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de outubro rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados – un 9,6%- e o volume de noites –un 6,1%-.
- Tal circunstancia rompe cunha tendencia positiva de crecemento da demanda nos últimos catro anos. En particular, logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13, o volume de pernoctacións recupérase en outubro de 2014 –un 13,6%- como paso previo aos crecementos rexistrados en 2015 –do 7,5%%-, en 2016 –do 11,2%%- e en 2017 –do 5,1%- . O descenso de outubro deste 2018 coloca o nivel final en preto de 761 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos e tamén inferior ao nivel acadado en 2010-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é equivalente, rompéndose en 2018 a tendencia positiva rexistrada nos catro anos anteriores e que levaran a colocar o volume final en preto de 429 mil en outubro do pasado ano. O descenso deste 2018 sitúa o nivel en 387 mil viaxeiros aloxados –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de máis de 41 mil viaxeiros aloxados e de preto de 50 mil noites en relación ao mes de outubro do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,3%- así como do volume de noites –do 0,8% neste caso-. Son variacións non moi intensas pero que si permiten mellorar as cifras de outubro de 2017.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas sendo en todo caso maioría aquelas que amosan unha dinámica positiva. Neste mes o volume de noites sobe e mellora en doce delas liderando Cataluña e Navarra o crecemento a nivel estatal – son os destinos de mellor comportamento relativo con crecementos do 6,7% e 6,6% respectivamente en relación ao pasado ano-. Seguen en orde de importancia Murcia e Madrid con subas por encima do 5% interanual.
- No lado contrario é Estremadura o destino que presenta o crecemento máis moderado, de pouco máis do 1% neste caso.

- Cinco son os destinos que neste mes amosan un comportamento negativo –Andalucía, Canarias, Baleares, Aragón e Galicia- sendo esta última a que presenta o descenso de maior intensidade co 6,1% interanual.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante, con variacións de diferente dirección e intensidade. Cataluña e Cantabria lideran tamén neste caso o incremento a nivel estatal –cunha suba superior ao 7%- mentres que, no lado contrario, é Galicia o destino de peor comportamento relativo –rexistra a caída de maior intensidade cun 9,6% neste caso-.
- A nosa comunidade é, por tanto, o destino de peor comportamento relativo neste décimo mes do ano, circunstancia que afecta tanto á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de noites. Tal circunstancia acontecera xa nos pasados meses de xullo, agosto e setembro. O segundo semestre, por tanto, sitúa a Galicia no destino coas caídas de maior intensidade nos niveis de demanda hoteleira.
- Canarias –con preto de 6,2 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de outubro –absorbendo o 19,8% do total estatal-. Recupera esta posición de liderazgo logo de que nos últimos cinco meses fose Baleares o destino de maior peso a nivel estatal. Tal circunstancia xa acontecera no primeira cuadrimestre do ano. Semella pois que o liderazgo de Canarias se concentra nos meses de temporada baixa ou media-baixa.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Baleares –con pouco máis de 6,0 millóns de pernoctacións-, Andalucía e Cataluña– ambas con preto de 4,9 millóns de pernoctacións-, a C. Valenciana –con case 2,6 millóns- e Madrid –con preto de 2,3 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a oitava posición –xusto por detrás das seis anteriores e de Castela e León- representando o 2,4% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- mantense estable neste décimo mes do ano como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros residentes –do 2,3%- nun contexto de caída paralela da estadía media. Estabilízase a demanda logo de rexistrar caídas o pasado ano e incremento nos dous anteriores. Non se observa, por tanto, unha pauta estable neste mes de outubro. Con todo o turismo interno marca neste 2018 preto de 185 mil noites.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo, cun descenso do 5,4% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017 –consecuencia da caída paralela da cifra de viaxeiros españois, do 7,6% neste caso-. Este descenso contrasta coas subas rexistradas nos anos anteriores –de 2014 a 2017- e sitúa o volume final de noites do mercado receptor nacional en máis de 374 mil neste mes de outubro –a segunda cifra máis baixa da década-.
- O turismo internacional presenta tamén un descenso da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 19,6% e o volume de pernoctacións un 11,9%, contribuíndo desta maneira ao comportamento negativo da demanda.

- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos seis anos anteriores, con subas acumuladas de 2012 a 2017. Esta caída sitúa o nivel final en máis de 201 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 26,5% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada media que sen embargo queda por debaixo da cuota rexistrada nos dous anos anteriores –equivale en todo caso á de 2015-. En 2017, por exemplo, o mercado internacional representaba o máis do 28% do total da demanda.
- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón preto da metade do total da demanda hoteleira-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento diferente da demanda hoteleira. En particular, cae a demanda en tres provincias –un 9% en A Coruña, un 10% en Lugo e un 3% en Pontevedra- como consecuencia de descensos paralelos da cifra de viaxeiros aloxados. Ourense, en cambio, consegue mellorar a cifra do pasado ano con incrementos do 14% na cifra de viaxeiros aloxados e do 3% no volume de noites hoteleiras.
- Con máis de 311 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 40,9% do total-. Acontece tal circunstancia logo de que no verán –de xullo a setembro- fose Pontevedra a provincia de maior peso. As diferenzas non son moi notables pero si se observa que en temporada alta cambia levemente o reparto da demanda a nivel territorial en comparación co resto do ano.
- Neste mes o 38,7% da demanda concéntrase na provincia de Pontevedra dando como resultado que case o 80% do total se localiza nas provincias do arco atlántico. O 20% restante fica no interior –un 12% en Lugo e un 8% en Ourense-.
- A estadia nos hoteis e pensións de Galicia increméntase neste mes de outubro –un 3,9%- , situándose en preto de dúas noites de media. É o terceiro ano consecutivo no que a estadia media ten un comportamento positivo, rompendo coa serie de caídas consecutivas desde o inicio da década. Estes incrementos permitiron mellorar nunha décima a cifra de outubro de 2015 –cando quedaba en 1,85 noites-. Con esta mellora o sector hoteleiro acada a cifra de estadia media máis elevada dos últimos cinco anos –equivalente ademais á rexistrada en outubro de 2013-.
- A estadia media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,9 noites de media, mentres que Castela e León rexistra a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,6 noites neste caso.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída paralela da oferta dispoñible, de similar intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 5,2%- , circunstancia que leva a un suave descenso do nivel de ocupación –cae en 0,4 puntos porcentuais para situarse no 40,3% de media-. Si se observa, por tanto, certo empeoramento do nivel de ocupación pero de moita menor intensidade en comparación co descenso da demanda como consecuencia do axuste da oferta neste mes.
- Esta caída contrasta coas melloras rexistradas nos últimos catro anos e sitúa o nivel deste mes de outubro no segundo máis elevado desde o 2005.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a terceira cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de Asturias e Castela A Mancha-. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 77,5% en

outubro. Seguen Madrid e Baleares –ambas cunha cifra que se sitúa no contorno do 65%-. A media do conxunto de España sitúase no 60,1%.

- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que se mantén estable ou descende. Sobe e mellora en cinco delas –Extremadura é o destino de incremento máis destacado, de 2,3 puntos-, mantense estable en seis e descende nas seis restantes. Canarias marca por segundo mes consecutivo o descenso máis acusado, de case máis de dous puntos porcentuais neste caso.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste décimo mes do ano –un 1,9% en particular-situándose en 57,0 euros de media –cifra que se coloca nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas-. Neste mes supera soamente os valores rexistrados en Asturias, Castela A Mancha e Murcia.
- Madrid é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de outubro con 103,9 euros de media –por sexta vez neste ano Canarias non ocupa este lugar-. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Canarias –con 97,8 euros-, Cataluña –con 92,7 euros- e o País Vasco –con 91,3 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda próximo aos 84 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. Aragón é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 9,3%, seguido de Madrid e o País Vasco –ambas con subas próximas ao 9% interanual-. Mantéñense estables en Extremadura e Canarias e descenden en tres: Cataluña, Asturias e Murcia –un 5,8% nesta última-.
- O suave descenso dos niveis de ocupación neste mes de outubro –froito dun descenso da demanda paralela á caída da oferta-, prodúcese nun contexto de leve incremento das tarifas hoteleiras, circunstancia que neste mes leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren suavemente os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR sobe un 1,5% ata situarse en 26,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a terceira máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Madrid –con 85,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de outubro, sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destaca Canarias –cunha cifra próxima aos 83 euros-.
- En termos dinámicos obsérvase igualmente un comportamento dispar a nivel das comunidades sendo maioría aquelas nas que se rexistra un incremento. Os niveis de rendibilidade hoteleira melloran en trece destinos sendo Madrid o que amosa o incremento máis notable, do 13,0% en relación ao pasado ano. Descenden nos catro destinos restantes sendo Murcia neste caso a comunidade coa caída máis acusada, do 5,5% neste caso.

## ACUM. OUTUBRO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Outubro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	92.738.244	0,9%	3.708.526	-8,5%
<b>NOITES</b>	305.388.193	-0,5%	7.528.022	-5,4%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,29	-1,3%	2,03	3,4%
<b>% OCUPACIÓN</b>	62,03%	-0,79	40,28%	-0,30

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros dez meses deste ano 2018 Galicia rexistra unha caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 8,5%, acadando máis de 3,7 millóns- e o volume de noites –un 5,4% neste caso, con máis de 7,5 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anteriores. Logo das caídas rexistradas no bienio 2011-12, a demanda hoteleira consegue mellorar no acumulado a outubro de 2013 –un 1,7%- con carácter previo aos incrementos do 5,6% en 2014, do 9,0% en 2015, do 6,8% en 2016 e do 6,6% en 2017. A caída deste ano rompe esta dinámica e coloca o nivel final en algo máis de 7,5 millóns de noites –cifra inferior á do pasado ano pero que sen embargo queda por encima de toda a serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 máis de 3,7 millóns no conxunto da comunidade, a cifra máis baixa dos últimos tres anos.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de case 345 mil viaxeiros aloxados e de 429 mil pernoctacións en relación ao conxunto dos primeiros dez meses de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 0,9%- mais descende en paralelo o volume de noites –un 0,5% neste caso- como consecuencia dun descenso da estadía media. Son en todo caso variacións pouco significativas que falan máis ben de certa estabilidade dos niveis de demanda en relación ao pasado ano.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste período de dez meses. En particular, sobe e mellora en dez delas –sendo Extremadura o destino que rexistra o crecemento máis intenso, do 4,6% en relación ao pasado ano-. No lado contrario é a C. Valenciana o destino de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- A demanda mantense estable en Baleares e cae nas seis comunidades restantes, con menor intensidade en Asturias –un 0,5%- e de forma máis acusada en Galicia –cunha caída do 5,4% neste caso-.

- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Once delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Cantabria o ranking cun incremento do 6,0%-, mantense estable en tres destinos e descende nas tres restantes –sendo Galicia o destino coa caída máis notoria, do 8,5% neste caso-.
- Así pois, no acumulado ata o mes de outubro Galicia marca o peor comportamento relativo da demanda a nivel estatal, rexistrando os descensos máis acusados tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites.
- Baleares –con preto de 58,7 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período –absorbendo o 19,2% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Canarias –moi preto, con máis de 58,2 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con case 52,0 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 48,1 millóns-, a C. Valenciana –con 26,2 millóns- e Madrid –con máis de 20,5 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto a máis do 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio destacando Galicia por encima das restantes –ocupa neste período a sétima posición, por detrás de todas as anteriores, representando o 2,5% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo diferente dos grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- mantense estable en relación ao pasado ano. Tal circunstancia afecta tanto á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de noites pois as variacións son inferiores ao 0,5% interanual. O nivel final deste período de dez meses sitúase en máis de 1,8 millóns de noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso do 6,8% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 9,7% neste caso-. O descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2013 e deixa o nivel final en case 3,9 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2010-.
- O turismo internacional presenta tamén un comportamento negativo neste período. O volume de pernoctacións cae un 7,8% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 13,9%, nun contexto de mellora da estadia media –do 7,1% neste caso-.
- Este descenso rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos seis anos anteriores, circunstancia que permitira acadar máximos históricos xustamente en 2017 con preto de 2,0 millóns de noites. A caída deste 2018 sitúa o nivel final en máis de 1,8 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica e moi próxima ao valor rexistrado en 2016.
- Máis da metade da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período –representa en sentido estrito o 51,4% do total-. O mercado interno representa o 24,5% mentres que o internacional supón o 24,1% do total –cifra que tamén descende en relación ao pasado ano-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento relativamente paralelo da demanda hoteleira. O volume de noites consegue estabilizarse só na provincia de Ourense mais cae nas tres provincias restantes: un 7,6% en A Coruña, un 6,0% en Lugo e un 3,7% en Pontevedra.

- Con máis de 3,05 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 40,6% do total-. Segue parella Pontevedra co 40,0% e pouco máis de 3,01 millóns neste caso. Ambas absorben a case o 81% do total da demanda hoteleira da comunidade.
- A estadía media nos hotéis e pensións de Galicia sitúase en 2,03 noites, cifra que supera nun 3,4% o dato do mesmo período do pasado ano. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media na nosa comunidade, conseguindo recuperar parte do perdido nos seis anos anteriores.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,5%-. Tal circunstancia ten como consecuencia que descenden suavemente os niveis de ocupación do sector –en particular 0,3 puntos- ficando no 40,3% de media para o conxunto dos primeiros dez meses deste ano.
- Rómponse a tendencia de mellora dos niveis de ocupación hoteleira que se viña rexistrando no conxunto dos primeiros dez meses do ano desde 2013, mellorando en todo caso en dez puntos a cifra de 2012.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a cuarta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Baleares e Canarias son os destinos que lideran o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal con máis do 76% de media en ambos. Seguen a C. Valenciana e Cataluña –ambas no contorno do 63%-. A media do conxunto de España sitúase no 62,0%.
- No conxunto dos primeiros dez meses do ano obsérvase certa mellora das tarifas hoteleiras en Galicia. En particular, increméntanse nun 2,1% en relación ao mesmo período do pasado ano situándose en 59,2 euros. Tal circunstancia acontece nun contexto de suave descenso dos niveis de ocupación o que conleva que neste período o RevPAR hoteleiro se estableza en relación ao pasado ano. A cifra deste 2018 sitúase en 28,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O ingreso total do sector hoteleiro en Galicia neste período de dez meses estímase en preto de 260 millóns de euros, cifra que descende nun 1,2% en relación ao mesmo período do pasado ano.